



RESOLUCIÓN REITORAL DO 13 DE XULLO DE 2018 POLA QUE SE ESTABLECE O PREZO DE MATRÍCULA NO CURSO 2018/19 PARA O ALUMNADO ESTRANXEIRO MAIOR DE DEZAOITO ANOS QUE NON TEÑA A CONDICIÓN DE RESIDENTE

De acordo co establecido no Decreto 68/2018, polo que se fixan os prezos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional no ensino universitario para o curso 2018/19, no seu artigo 2.5, cómpre que cada universidade do sistema universitario galego fixe un prezo para o alumnado a que se refire esta resolución, que oscilará entre o 25 % e o 100 % do custo de referencia para cada unha das epígrafes da tarifa primeira do anexo do decreto.

O custo de referencia quedou establecido no artigo 2.1 do Decreto 154/2012, polo que se fixaban os prezos de matrícula no curso 2012/13, en 5170,00 € para as titulacións encadradas na epígrafe A do anexo do decreto, e en 3650,00 € para as titulacións encadradas na epígrafe B do dito anexo.

De acordo co exposto, esta Reitoría

**RESOLVE:**

Establecer os prezos/crédito para o curso académico 2018/19 para o alumnado estranxeiro maior de dezaioito anos que non teña a condición de residente. Quedan excluídos os nacionais de estados membros da Unión Europea, os de países pertencentes ao espazo europeo de educación superior (EEES), aos que lles sexa de aplicación o réxime comunitario e os países con índice de desenvolvemento humano (IDH) medio e baixo segundo o anexo que acompaña esta resolución.

**Ensinanzas de grao**

Epígrafe A: 24,38 €/crédito

Epígrafe B: 17,24 €/crédito

**Ensinanzas de mestrado que habiliten para o exercicio de actividades profesionais reguladas en España segundo o establecido na normativa estatal europea aplicable e análogos**

Epígrafe A: 24,38 €/crédito

Epígrafe B: 17,24 €/crédito

**Outras ensinanzas de mestrado oficiais**

Epígrafe A: 58,02 €/crédito

Epígrafe B: 39,98 €/crédito

A Coruña, 13 de xullo de 2018

O reitor

Julio E. Abalde Alonso



ANEXO  
PAÍSES CON ÍNDICE DE DESENVOLVEMENTO HUMANO MEDIO E BAIXO

**DESENVOLVEMENTO HUMANO MEDIO**

República de Moldavia

Botsuana

Gabón

Paraguay

Exipto

Turcomenistán

Indonesia

Estado de Palestina

Vietnam

Filipinas

O Salvador

Bolivia (Estado Plurinacional de)

Sudáfrica

Quirguicistán

Iraq

Cabo Verde

Marrocos

Nicaragua

Guatemala

Namibia

Güiana

Micronesia (Estados Federados de)

Taxiquistán

Honduras

India

Bután

Timor-Leste

Vanuatu

Congo

Guinea Ecuatorial

Kiribati

República Democrática Popular Laos

Bangladesh

Ghana

Zambia

San Tomé e Príncipe

Camboxa

Nepal

Myanmar

Quenia

Paquistán



**DESENVOLVEMENTO HUMANO BAIXO**

Suacilandia

República Árabe Siria

Angola

República Unida de Tanzania

Nixeria

Camerún

Papúa-Nova Guinea

Cimbabue

Illas Salomón

Mauritania

Madagascar

Ruanda

Comores

Lesoto

Senegal

Haití

Uganda

Sudán

Togo

Benín

Iemen

Afganistán

Malawi

Costa do Marfil

Xibutí

Gambia

Etiopía

Mali

República Democrática do Congo